



MEMORIA DO PROXECTO “EXPLORANDO A GALAXIA 3B-NUS”



V Concurso de Traballos por Proxectos
do PLAN LÍA de Bibliotecas Escolares.

Modalidade de participación:

2.a. Proxecto de investigación dirixido por profesorado dun grupo.
CEIP Plurilingüe Condese de Fenosa
(O Barco de Valdeorras).



Índice

1- INTRODUCCIÓN.....	1
XUSTIFICACIÓN.....	1
PLANIFICACIÓN CON REFERENCIA AOS CONTIDOS CURRICULARES.....	1
CRITERIOS E ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN.....	4
COMPETENCIAS CLAVE A DESENVOLVER A TRAVÉS DO PROXECTO.....	8
CALENDARIO PARA AS TAREFAS PREVISTAS.....	10
ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE.....	10
ORGANIZACIÓN PARA A SÚA REALIZACIÓN.....	10
2- OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS.....	10
3- BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.....	10
4- DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.....	11
5- RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.....	11
- Actividades Tipo I:.....	11
- Actividades Tipo II:.....	11
- Actividades Tipo III:.....	12
6-RECURSOS UTILIZADOS, ASÍ COMO, UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.....	12
RECURSOS PERSOAIS.....	12
RECURSOS MATERIAIS.....	12
RECURSOS AMBIENTAIS.....	12
RECURSOS METODOLÓXICOS.....	12
FONTES CONSULTADAS.....	12
7-IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.....	14
8-DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.....	14
9-AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVES DO CURRÍCULO. PROCEDEMENTOS EMPREGADOS.....	14
VALORACIÓN DAS APRENDIZAXES.....	14
ESQUEMA DAS ACTIVIDADES REALIZADAS.....	15
10- FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO.....	16

1- INTRODUCCIÓN.

XUSTIFICACIÓN

Onde van as estrelas cando sae o sol? Que son os buracos negros? Como é o Sol?... Xurde a curiosidade, a necesidade de comprender o que nos rodea, a aventura de saber!

Todas estas dúbidas puxéronnos no camiño de querer saír da nosa comodidade, da nosa zona de confort, e buscar respostas sobre o grande e pequeno do Universo. Algunhas preguntas teñen resposta, outras... seguimos na súa procura!

Se ben xa dende hai anos traballamos un PDI anual promovido dende a biblioteca escolar, no presente curso 2017-18 a meirande parte do CEIP Plurilingüe Condese de Fenosa do Barco de Valdeorras (Ourense) decidimos introducir a aprendizaxe baseada en proxectos (ABP) na nosa dinámica de aula, apoiados nun PFPP do Programa PITEAS. Con esta metodoloxía para o desenvolvemento do talento, tentamos non só detectar o talento nas aulas, senón fomentar a creatividade e espírito crítico do alumnado, sempre apoiados pola biblioteca escolar como o noso primeiro espazo educativo e fonte básica da nosa aprendizaxe.

Aínda que os espazos de aprendizaxe foron moi diversos ao longo do desenvolvemento do traballo, a biblioteca escolar ofreceunos a mellor oportunidade de fomentar unha actitude inclusiva, favorecedora e respectuosa coa diversidade, con recursos educativos diversos que supoñen un punto de encontro da comunidade, e que facilitan as experiencias de aprendizaxe e aumentan o rendemento do alumnado, potenciando o desenvolvemento máximo das súas potencialidades.

Neste marco, na aula de 3ºB de Educación Primaria desenvolveuse como tema núcleo da programación pedagóxica a Unidade Didáctica titulada "Explorando a Galaxia 3B-NUS". Nela participaron a maioría de mestres/as especialistas e de apoio que imparten clase neste nivel acompañando ao alumnado na súa investigación, e na elaboración e produción de saberes sobre o Sistema Solar.

Con este proxecto, pensado para todo o alumnado, conseguimos:

- Un alto nivel de compromiso entre o alumnado.
- Contribuír ao desenvolvemento do currículo e á adquisición das competencias clave.
- Empregar experiencias de aprendizaxe desafiantes que se constrúen tendo en conta os intereses do alumnado, os seus estilos de aprendizaxe e os seus modos preferidos de expresión.
- Aumentar o seu rendemento e mellorar ao máximo as súas potencialidades.

Para acadar estes obxectivos o noso proxecto adoptou:

- Enfoque interdisciplinario: xa que se leva a cabo en todas as materias curriculares.
- Planeamento Integrado: a través de actividades destinadas á formación de usuarios da biblioteca escolar e enmarcados dentro dos principios da Educación Documental.
- A alfabetización múltiple: posto que elaboramos vídeos-documentais, lemos en diferentes soportes, elaboramos murais... sobre diferentes apartados do proxecto.
- Participación vertical: nalgunhas tarefas participaron alumnado de diferentes niveis.

PLANIFICACIÓN CON REFERENCIA AOS CONTIDOS CURRICULARES

En relación aos contidos curriculares, imos facer un pequeno resumo da nosa programación co obxectivo de ter unha idea dos contidos traballados:

Área de Plástica

B2.1. Planificación e organización para axustar o proceso de creación individual e en grupo as intencións previstas, seleccionando adecuadamente os materiais, os instrumentos e as técnicas.

B2.2. Elaboración de imaxes usando técnicas e recursos diversos.

B2.3. Construción de estruturas con volume.

B2.4. Selección e uso responsable de materiais apropiados segundo as súas posibilidades plásticas e o fin para o que se previron.

B2.5. Establecemento de protocolos de actuacións no proceso de creación individual e/ou colectiva.

B2.8. Utilización de recursos dixitais para a elaboración de producións artísticas.

B2.9. Compilación de imaxes para complementar textos (carteis, anuncios, esquemas etc).

Área de Ciencias Sociais

B1.5. Emprego de técnicas de estudo individual e de estratexias de traballo cooperativo. Valoración do esforzo e coidado do material.

B1.6. Participación activa e construtiva na vida social, uso das normas de convivencia. A cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos.

B2.1. Sistema solar: o Sol e os planetas. Deseño de maquetas, presentación ou animacións empregando as TIC como estratexia de reforzo da aprendizaxe.

B2.2. O planeta Terra e a Lúa, o seu satélite. Características.

B2.3. Os movementos da Terra e a Lúa e as súas consecuencias: as estacións do ano, o día e a noite.

Área de Ciencias Naturais

B1.1. Realización de proxectos e presentación de resultados.

B1.2. Busca guiada de información en internet e noutros soportes.

B1.3. Utilización básica de tratamento de textos para a presentación de traballos.

Área de Lingua Castelá

B1.2. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais, especialmente xestos e ton de voz que complementen o significado da mensaxe.

B1.3. Participación en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso cunha secuencia lineal sinxela.

B1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (producción didáctica, gravacións, medios de comunicación,...).

B1.5. Comprensión global e específica de textos orais de diversa tipoloxía e procedentes de diversas fontes (producción didáctica, gravacións, medios de comunicación).

B1.8. Producción de textos orais sinxelos de diferente tipoloxía.

B2.7. Uso da biblioteca para a procura de información e utilización da mesma como fonte de información e lecer.

B2.10. Utilización guiada das Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información.

B3.1. Producción de textos de diversa tipoloxía atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos) para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades.

B3.2. Cohesión do texto: mantemento do tempo verbal, puntuación, concordancia básica.

B3.3. Aplicación das normas ortográficas axeitadas ao nivel.

Área de Lingua Galega

B1.3. Comprensión e produción de textos orais sinxelos para aprender e para informarse, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal (conversas entre iguais e no equipo de traballo) e dun maior grao de formalización (exposicións da clase).

B1.4. Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas, respectando as opinións de quen fala e sen interrupcións inadecuadas.

B1.5. Participación e cooperación nas situacións comunicativas (expresións espontáneas, informacións, conversas reguladores da convivencia, discusións ou instrucións) con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral (petición e quendas de palabra, mantemento do tema, respecto ás opinións das demais persoas, posturas e xestos adecuados).

B1.6. Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: entoación, ritmo e xesticulación.

B1.8. Actitude de cooperación e de respecto en situacións de aprendizaxe compartida.

B1.9. Interese por expresarse oralmente coa pronuncia e coa entoación adecuadas.

B2.5. Subliñado e resumo da información relevante dun texto sinxelo adecuado ao seu nivel.

B3.4. Producción de textos relacionados co ámbito académico para comunicar información (cuestionarios, resumos, descrições, explicacións).

Área de Matemáticas

B1.1. Planificación do proceso de resolución de problemas: análise e comprensión do enunciado. Estratexias e procedementos postos en práctica: facer un debuxo, unha táboa, un esquema da situación, ensaio e erro razoado, operacións matemáticas axeitadas... Resultados obtidos.

B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.

B2.1. Números naturais ata o 10.000.

B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas, unidade de millar e decena de millar.

B2.4. O sistema de numeración decimal: valor posicional das cifras.

B2.8. Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división enteira por un número dunha cifra.

B2.18. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.

B2.19. Resolución de problemas da vida cotiá.

Área de Inglés

B1.1. Estratexias de comprensión:

- Activación de coñecementos previos a partir de debuxos, mímica, preguntas... para á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación breves conectadas cos seus intereses e adaptadas a súa idade.
- Interpretación das ideas principais expresadas en textos orais sinxelos a partir das súas experiencias e coñecementos.
- Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.
- Identificación e asociación de significados apoiándose no contexto, ilustracións...
- Asociación de palabras e expresións con elementos paraverbais (entoación, pausas, énfase...) e non verbais (expresión facial, xestos...).
- Seguimento verbal e non verbal de instrucións sinxelas en situacións comunicativas habituais.
- Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos, para a adquisición do léxico e expresións cotiás da lingua estranxeira.

B1.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: familiarización cos sons, pautas de ritmo e entoación característicos da lingua estranxeira, a través do modelo do mestre/a e de recursos audiovisuais.

B2.1. Estratexias de produción:

Planificación:

- Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.
- Execución: Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.
- Apoiarse nos coñecementos previos.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos paralingüísticos (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).

B2.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:

- Uso axeitado dos sons propios da lingua estranxeira: pronuncia de palabras e frases cotiás de forma comprensible.
- Iniciación ás normas que regulan a interacción oral (quendas de palabra, volume de voz e ritmo axeitado).
- Uso e identificación de aspectos fonéticos básicos, de ritmo e entoación para a produción de textos breves orais.

B4.1. Estratexias de produción:

- Reproducir progresivamente a forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma.
- Producir a partir de modelos, de palabras e expresións, coñecidas previamente en interaccións orais, para transmitir información.

B4.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e de puntuación moi elementais:

Uso dos signos de puntuación máis básicos. Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións grafía-son.

CRITERIOS E ESTÁNDARES DE AVALIACIÓN

Na seguinte táboa aparecen reflectidos os criterios e estándares avaliados ao longo do proxecto para cada unha das áreas:

Área de Plástica

B2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.
	EPB2.1.2. Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombrear, acuarelas... para a composición de obras.
	EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.
	EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas.
	EPB2.1.8. Usa a técnica de colaxe con limpeza e precisión, manexando diferentes técnicas.
B2.2. Coidar o material e os espazos e utilízalos adecuadamente.	EPB2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo.
B2.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas.	EPB2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas.

Área de Ciencias Sociais

B1.2.Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.	CSB1.2.1.Participa en actividades individuais e de grupo e emprega estratexias de traballo cooperativo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.
B2.1.Recoñecer e situar os elementos principais do sistema solar: o Sol, os planetas e as súas características básicas empregando as TIC.	CSB2.1.1.Identifica, localiza os elementos principais do Sistema Solar: o Sol, os planetas e recoñece algunha das súas características básicas empregando as TIC.
B2.2.Localizar o planeta Terra e a Lúa no sistema solar recoñecendo as súas características principais, movementos e consecuencias máis directas que producen na súa vida diaria e na contorna próxima.	CSB2 2.1.Describe de forma sinxela os movementos terrestres, o eixe do xiro e os polos xeográficos.
	CSB2.2.2.Expón, de maneira sinxela, como se produce o cambio entre o día e a noite e as estacións do ano como consecuencia dos movementos terrestres.
	CSB2.2.3.Identifica a Lúa como satélite da Terra e describe algunha das súas característica principais.

Área de Ciencias Naturais

B1.1. Realizar un proxecto para a obtención dun produto como resultado dun problema formulado, elaborando con certa autonomía documentación sobre o proceso.	CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.
	CNB1.1.2. Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisión.

Área de Lingua Castelá

B1.2. Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	LCB1.2.2.Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas.
B1.3. Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións de aula.	LCB1.3.1. Participa activamente e con coherencia básica en diversas situacións de comunicación: Diálogos, exposicións orais seguindo un modelo, e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e da comunicación.
B1.5. Recoñecer o tema e as ideas principais de textos orais breves e sinxelos de diferente tipoloxía, segundo a forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	LCB1.5.4. Utiliza de xeito guiado a información recollida, para levar a cabo diversas actividades en situacións de aprendizaxe.
B1.6. Utilizar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe.	LCB1.6.1. Utiliza de xeito guiado os medios audiovisuais e dixitais para obter información.
B1.8. Producir textos orais adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).	LCB1.8.2. Organiza o discurso cunha secuencia coherente elemental, utilizando nexos básicos.
B2.5. Usa a biblioteca para localizar libros axeitados aos seus intereses.	LCB2.5.1. Consulta na biblioteca, de xeito guiado, diferentes fontes bibliográficas e textos en soporte informático para obter información sobre temas do seu interese e necesarios para as súas tarefas de aula
B2.8. Utilizar de xeito guiado as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura da información	LCB2.8.1. Utiliza, de xeito guiado, as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para buscar información.
B3.1. Producir textos seguindo un modelo con diferentes intencións comunicativas, cohesivas de xeito elemental, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.1. Escribe, con axuda e en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, utilizando elementos de cohesión básicos: noticias, contos, folletos informativos, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, receitas, instrucións, normas...
	LCB3.1.2. Respecta as normas gramaticais e ortográficas básicas, propias do nivel.
	LCB3.1.4. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas...

Área de Lingua Galega

B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.2. Sigue unha exposición da clase e extrae o sentido global e as información máis relevantes, preguntando se é necesario para verificar a súa comprensión.
	LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos (explicacións, breves exposicións, narracións curtas...) presentando as ideas cunha coherencia lineal elemental e responde preguntas aclaratorias elementais sobre o seu contido.
	LGB1.3.4. Participa no traballo en grupo.
B1.4. Manter unha actitude de escoita adecuada, respectando as opinións dos e das demais.	LGB1.4.1. Atende as intervencións dos e das demais, en conversas e exposicións sen interromper.
B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas	LGB1.5.3. Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación dentro da aula e valora o seu uso fóra dela.

normas que rexen a interacción oral.	LGB1.5.4. Emprega unha postura e xesticulación que transmite predisposición para interactuar cos demais.
	LGB1.5.5. Exprésase cunha pronuncia e dicción correcta.
	LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
B1.6. Amosar interese por expresarse en público coherentemente, sen contradicións, sen repeticións innecesarias e usando nexos adecuados.	LGB1.6.1. Elabora un discurso oral coherente, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.
	LGB1.6.2. Elabora un discurso oral cohesivo, utilizando algúns nexos básicos.
	LGB1.6.3. Amosa un discurso oral, claro, cunha pronuncia e entoación axeitadas e propias da lingua galega.
B1.8. Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo.	LGB1.8.1. Amosa respecto ás ideas e achegas dos e das demais e contribúe ao traballo en grupo.
B1.9. Interesarse por amosar unha pronuncia e entoación adecuadas.	LGB1.9.1. Interésase por expresarse oralmente coa pronuncia e entoación adecuada a cada acto comunicativo.
B2.3. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e resumir o seu contido.	LGB2.3.2. Realiza o resumo, a partir de preguntas, dun texto sinxelo.
B3.3. Elaborar textos do ámbito académico para comunicar información.	LGB3.3.1. Elabora por escrito textos do ámbito académico moi sinxelos (cuestionarios, resumos, descricións, explicacións...) para obter e comunicar información.

Área de Matemáticas

B1.1. Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.	Mtb1.1.1. Analiza e comprende o enunciado dos problemas (datos, relacións entre os datos, contexto do problema, pregunta realizada).
	Mtb1.1.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución.
B1.2. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.	Mtb1.2.1. Planifica o proceso de traballo con preguntas apropiadas: que quero descubrir?, Que teño?, Que busco?, Como o podo facer?, Non me equivoquei ao facelo?, A solución é idónea?
B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados.	Mtb2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 10.000.
B2.3. Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	Mtb2.3.1. Constrúe e memoriza as táboas de multiplicar, utilizándoas para realizar cálculo mental.
	Mtb2.3.2. Realiza cálculos numéricos coa operación de multiplicación na resolución de problemas contextualizados.
B2.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas.	Mtb2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento...
B2.3. Realizar operación e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	Mtb2.3.4. Realiza cálculos numéricos coa operación de división dunha cifra na resolución de problemas contextualizados.
	Mtb2.3.5. Identifica e usa os termos propios da multiplicación e da división.

B2.4. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	Mtb2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento.
	Mtb2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.

Área de Inglés

B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e contén co apoio visual correspondente.	PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.
B2.2. Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.	PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta.
	PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos.
B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.
B4.2. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.	PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida.

COMPETENCIAS CLAVE A DESENVOLVER A TRAVÉS DO PROXECTO

DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

1º. Comunicación lingüística (CCL).

A máxima valoración desta competencia vémona reflectida na exposición oral que se fai do produto final dos proxectos, tanto dentro da aula a través da presentación que cada alumno/a fai do seu traballo, como cando o presentan a un público auténtico como fixeron na Casa da Cultura do Barco, na Feira de Proxectos do Programa Piteas de Santiago ou na mesma Feira de Proxectos do colexio. Pero tamén os traballos escritos (especialmente portfolios e “lapbooks”) axudan a desenvolver esta competencia.

- Usa de xeito autónomo e responsable a Biblioteca escolar.
- Selecciona a información relevante.
- Comunica de forma oral e escrita, de xeito coherente, a información obtida.

2º. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT).

Interpretar a información, aplicar estratexias para a resolución de problemas, comprender a realidade ou resolver problemas da vida cotián, veuse reflectido en actividades de cálculo de distancias, recoñecemento de figuras xeométricas ou elaboración de receitas de cociña

3º. Competencia dixital (CD).

Púxose o acento especialmente no apartado de tratamento da información: buscar, seleccionar, procesar e comunicar a información elaborada sen esquecer a importancia de citar as fontes utilizadas correctamente, auténtico núcleo deste proxecto.

Como usuarios da Biblioteca escolar:

- Usa a Biblioteca escolar como fonte para a busca e selección de información relacionada con “Explorando a Galaxia 3B-NUS”.
- Busca e selecciona material na biblioteca relacionado coa temática.
- Utiliza o índice de forma eficaz.
- Usa libros de consulta, enciclopedias de xeito adecuado.
- Identifica a información relevante en cada texto segundo a temática específica de cada reto, ou de cada experto.
- Anota as fontes bibliográficas de xeito correcto.
- Participa activamente na realización dos experimentos seleccionados.
- Participa activamente nas “charlas de expertos”: visita do astrónomo “Ricardo”, intercambio de opinións cun colexio de Canadá en lingua estranxeira...
- Expón de forma coherente o resultado do traballo.
- Comparte o proxecto a través do blog de aula, no da Biblioteca e nas exposicións programadas: Casa da Cultura, Feira de proxectos de Santiago de Compostela, Feira de Proxectos do colexio, prensa, radio... co fin de darlle proxección ó traballo.
- Utiliza as TIC como medio de busca, selección e tratamento da información consciente da necesidade de rigor e de contrastar información antes de ser utilizada.

4º. Aprender a aprender (CAA).

Guiamos o proceso de busca da información co obxectivo de ir aumentando a autonomía do alumnado na consecución das aprendizaxes, organizando o seu traballo e os coñecementos adquiridos a través dos “lapbooks” e dos portfolios.

- Recompilar de xeito organizado e coherente a información elaborando un portfolio que consta de portada, índice, información, bibliografía e webgrafía.
- Aprender a estruturar as distintas partes dun portfolio: índice, información e bibliografía.
- Aprender a manexar os índices para a selección eficaz de información.
- Aprender a buscar información nos dicionarios.
- Aprender a sintetizar información dunha charla expositiva ou dun medio audiovisual.
- Aprender a sintetizar información para facer unha exposición oral publicamente.
- Usar o método científico presentando experimentos.

5º. Competencias sociais e cívicas (CSC).

O tema do proxecto, parte do estudo na área de Ciencias Sociais, polo que, xustifica claramente o traballo nesta competencia. Poderíamos dicir que neste caso é a nosa competencia nai.

- Relaciona fenómenos naturais observables e dinámicas do Universo.
- Utiliza métodos científicos para observación de experiencias de aprendizaxe.
- O traballo cooperativo é fundamental para a aprendizaxe desta competencia. Hai que sinalar que o primeiro traballo cooperativo que ten lugar neste proxecto é o dos mestres/as. Esta é a única maneira de que o alumnado valore e descubra a importancia de organizarse en grupo, estruturar as tarefas, dialogar, resolver conflitos, chegar a respostas de consenso...
- Aprender a organizarse de xeito cooperativo para a busca, selección e síntese da información.

6º. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

O alumnado participou activamente en todo o proceso tomando iniciativa, colaborando na toma de decisións, asumindo responsabilidades.

- Elaboración e reelaboración dos seus proxectos, buscando o propio ritmo persoal de traballo.
- Avaliación e autoavaliación das exposicións.

- Achegamento de ideas e colaboración na toma de decisións.

7º. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

O alumnado coñeceu, valorou e apreciou de xeito crítico as manifestacións culturais propostas na aula así como as expresións propias e dos compañeiros, ata lograr montar unha exposición pública de todos os traballos realizados onde desenvolveron a propia capacidade artística e creadora onde poñen en funcionamento a propia iniciativa, imaxinación e creatividade a través de lapbooks, portfolios, planetario-libro...

CALENDARIO PARA AS TAREFAS PREVISTAS

Aínda que proxectado para o primeiro e segundo trimestre, o traballo deste proxecto realizouse finalmente ao longo de todo o curso cunha programación temporal de 2-3 horas semanais aproximadamente.

ALUMNADO E PROFESORADO PARTICIPANTE

Os/as protagonistas do proxecto foron o alumnado de 3º B de Educación Primaria, entre o que se inclúe alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Os/as mestres/as que participaron no Proxecto foron os seguintes:

- M^a Carmen García Fernández: mestra titora.
- Rubén López Fernández: mestre especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Ana M^a Álvarez Silva: mestra especialista en Pedagogía Terapéutica.
- Marta Gayoso Ríos: mestra especialista en Audición e Linguaxe.
- Xoaquín Freixeiro Álvarez: Música e Coordinador do Equipo de Biblioteca.
- Ana López Mato: mestra especialista en Lingua Estranxeira.

ORGANIZACIÓN PARA A SÚA REALIZACIÓN

Ao comezo de curso e co fin de coñecer os intereses do alumnado, todos os nenos e nenas de 3ºB cubriron unha [enquisa](#) para coñecer os temas da súa preferencia, as súas aptitudes e estilos de aprendizaxe. Foi unha versión adaptada, con pictogramas do portal de ARASAAC, dun modelo proporcionado por Betina Represas, orientadora do CEE de Panxón.

A partir da información recollida puidemos saber cales eran os potenciais puntos fortes dos nosos alumnos/as, que serviron de base para unha aprendizaxe personalizada que permitiu o desenvolvemento de todo o seu potencial.

2- OBXECTO OU TEMÁTICA DE INVESTIGACIÓN PROPOSTOS.

Nos resultados da enquisa antedita observouse que nos intereses do alumnado, o Universo era un dos temas que suscitaba unha maior atracción. Por outra banda, e dado que é un tema curricular da área de naturais, vimos que ao estudar na clase o tema xurdiron moreas de preguntas que reflectían ese interese da aula. Ambas as dúas razóns propiciaron a elección da temática do proxecto: O Universo.

3- BREVE DESCRICIÓN DO PROCESO DE DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA.

Este Proxecto segue, en boa medida, o **modelo SEM** (Schoolwide Enrichment Model) de Enriquecemento Escolar ideado por Joseph S. Renzulli e Sally M. Este modelo permítenos atender a estudantes con diferente rendemento e que mostran os seus talentos de xeitos variados, descubriendo e potenciando a capacidade que cada alumno/a ten, para impulsala e levala ao seu máximo desenvolvemento.

No modelo SEM é imprescindible que se cumpran as tres E's (Engagement: compromiso; Enthusiasm: motivación; Enjoyment: goce) tanto no alumnado coma no profesorado. Estes elementos son os que determinaron a elección do tema xa que despertaban un grande interese por parte do alumnado como xa se sinalou.

Ao mesmo tempo decidimos realizar un enfoque lúdico, con emprego de **tecnoloxías innovadoras** (impresión 3D, robótica...) que garantiron o goce durante a realización do proxecto.

Sen embargo este modelo non se segue ao pé da letra, xa que nós non podemos esquecer a nosa dinámica de anos anteriores de traballo nos **proxectos documentais integrados** promovidos dende a biblioteca escolar, e así decidimos achegar ao modelo SEM unha visión que dá unha importancia fundamental á procura de recursos documentais, á lectura en distintos soportes na liña de fomentar a alfabetización múltiple do alumnado, de coidar as citas bibliográficas respectando a autoría ao tempo que contrastamos distintas fontes de información procurando despertar o espírito crítico d@s nen@s.

Velaí que no noso deseño traballamos distintos aspectos:

- Actividades tipo I ou de motivación:
- Actividades tipo II ou curriculares e de investigación
- Actividades tipo III de exposición a distintos públicos.

4- DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA PROFESORADO E ALUMNADO.

Entre a documentación elaborada para o profesorado, cabe destacar a programación didáctica. Na mesma, relacionáronse os contidos das distintas áreas cos traballados a través das distintas actividades do Proxecto.

Con respecto aos documentos elaborados para o alumnado, relacionamos os seguintes: rutinas de pensamento sobre o Universo, fichas de matemáticas con problemas sobre planetas ou sobre a receita das galletas espaciais, ficha para valorar o aprendido sobre o visionado dun Prezzi do Sistema Solar, carnés de tripulantes espaciais para cada neno/a, batería de preguntas sobre o Sistema Solar para o xogo de mesa con Escornabot, definicións sobre o Universo para o xogo do Pasapalabra e “Lapbooks” individuais sobre planetas, astrónomos, buracos negros, constelacións, actividade en JClic: [Observando o ceo](#) para aprendizaxe das formas das constelacións e localización relativa no ceo.

5- RELACIÓN DAS TAREFAS MÁIS IMPORTANTES REALIZADAS AO LONGO DO PROXECTO POLO ALUMNADO.

A metodoloxía ven marcada polo Modelo Triádico de Renzulli, que supón desenvolver o traballo do alumno/a en tres pasos ou niveis de actividades, que funcionan harmónica e dinamicamente:

- Actividades Tipo I:

son actividades de motivación, estimulación e exploración xeral para que o alumnado atope algo que lles resulte interesante. Algúns exemplos das actividades realizadas foron:

- escribir un correo á Axencia Espacial Europea solicitando información,
- visionado do vídeo que nos enviou Pedro Duque como resposta,
- charla cun astrónomo da nosa localidade,
- visita ó reloxo solar do Paseo do Malecón do Barco,...

- Actividades Tipo II:

comprende todas as actividades que promoven a aprendizaxe de habilidades, metodoloxías concretas, destrezas, investigación. Perseguen desenvolver a capacidade metacognitiva do alumnado. Realizáronse:

- actividades de investigación, busca de información, análise e síntese de textos;
- actividades para saber como citar bibliografía correctamente;
- rutinas de pensamento sobre Universo;
- elaboración de Portfolios;
- deseño, elaboración e exposición de “Lapbooks” sobre o Universo;
- obradoiro de galletas espaciais;
- deseño e elaboración dun planetario cos planetas e principais constelacións;
- elaboración das fases da lúa de forma plástica;
- fabricación do xogo do *Pasapalabra* con definicións sobre o Sistema Solar;
- deseño dun xogo de mesa con escornabot con preguntas sobre o Universo;
- gravación dunha cuña publicitaria para a prensa local;...

- Actividades Tipo III:

onde o alumnado asume o reto de desenvolver produtos reais sobre o tema de interese e son presentados ante un público auténtico. As nosas principais actividades foron:

- difusión a través do blog de aula dos nosos traballos,
- presentación do noso proxecto ao alumnado de outros centros na Casa da Cultura de O Barco,
- participación na Feira de Proxectos do Programa Piteas na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela ante outros centros de toda Galicia,
- presentación do noso Proxecto ao resto da comunidade educativa na Feira de Proxectos do noso colexio,...

6-RECURSOS UTILIZADOS, ASÍ COMO, UNHA ENUMERACIÓN DETALLADA DAS PRINCIPAIS FONTES CONSULTADAS PARA A INVESTIGACIÓN.

Os recursos didácticos empregados pódense dividir en catro categorías:

RECURSOS PERSOAIS

- Alumnado de 3º B do CEIP Plurilingüe Condese de Fenosa e as súas familias.
- Mestres/as coordinadores/as do proxecto.
- Colaboracións de: Pedro Duque, Ricardo (astrónomo local), Tino e alumnado do Obradoiro de Enriquecemento Curricular do centro.

RECURSOS MATERIAIS

- Tecnolóxicos (audiovisuais e informáticos).
- Materiais diversos para a realización de artes plásticas.
- Impresos: libros dispoñibles da Biblioteca escolar e libros de texto.

RECURSOS AMBIENTAIS

- Espazos do colexio: Biblioteca, patio, aula de 3º B, aula de informática, aula de inglés,...
- Concello de O Barco: Casa da Cultura.

RECURSOS METODOLÓXICOS

- Estruturas de Aprendizaxe Cooperativa e Rutinas de Pensamento.

FONTES CONSULTADAS

- Contmedia GmbH (Ed)(sd) *El Universo; Estrellas, Planetas, Galaxias*. Contmedia GmbH: Colonia.

- Contmedia GmbH (Ed)(sd) *La Tierra; Mares y océanos, Continentes, Universo*. Contmedia GmbH: Colonia.

- Daynes, K. (2009) *Conoce por dentro el espacio*. Usborne Publishing: Londres.

- Dyer, A. (2007) *El espacio*. Larousse Editorial: Barcelona.

- Reginaldo, R. (1990) *Atlas de Astronomía*. Edibook: Barcelona.

- Levy, D. (1995) *Estrellas y planetas*. Círculo de Lectores: Barcelona.

- Graham, I. (2009) *Sistema Solar; Viaja hasta los planetas y más allá*. Macmillan Iberia: Madrid.

- Goldsmith, M. (2007) *Sistema Solar*. Baía Edicións: A Coruña.

- Ortega Fraile, O. (2008) *Gran atlas del cosmos*. Parramón: Barcelona.

- Fiami, Ch. (2009) *As vidas de Galileo. Viaxe pola historia da Astronomía*. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico: Santiago de Compostela.

- Vanderviele, A. (2006) *El Universo*. Larousse: Barcelona.

- Vos tripulados:

http://www.esa.int/Our_Activities/Human_Spaceflight

- Pedro Duque:

http://www.esa.int/esl/ESA_in_your_country/Spain/Pedro_Duque3

http://www.esa.int/spaceinvideos/Videos/2003/11/Cervantes_Mission_Highlights

http://www.esa.int/spaceinvideos/Videos/2003/10/Mision_Cervantes_-_Pedro_Duque_spanish_version

http://www.esa.int/spaceinvideos/Videos/2004/03/A_Guided_Tour_of_ISS_by_Pedro_Duque

http://www.esa.int/spaceinvideos/Videos/2013/10/Message_from_Pedro_Duque_ESA_Astronaut_to_the_WSW_in_Spain

<http://www.esa.int/spaceinvideos/content/search?SearchText=pedro+duque&SearchButton=Go>

<http://www.unpaseoporelespacio.org/>

-**Vídeo corporativo da ESA en español:**

[http://www.esa.int/spaceinvideos/Videos/2012/10/Meet_ESA_the_space_agency_for_Europe/\(lang\)/es-](http://www.esa.int/spaceinvideos/Videos/2012/10/Meet_ESA_the_space_agency_for_Europe/(lang)/es-)

- Vídeo da ESAC:

http://www.esa.int/spaceinvideos/Videos/2015/01/ESAC_ESA_s_Window_on_the_Universe

- **Outros links de interese:**

ESA e ESAC xeral

<http://www.esa.int/ESA>

http://www.esa.int/About_Us/ESAC

<http://www.esa.int/esl>

- Imaxes e vídeos:

<http://www.esa.int/spaceinimages/Images>

<http://www.esa.int/spaceinvideos/Videos>

http://www.esa.int/esatv/Videos_for_Professionals

- A ESA para os nenos:

<http://www.esa.int/esaKIDSen/>

- Educación:

<http://www.esa.int/Education>

<http://cesar-tools.cosmos.esa.int/web>

- Paper models para descargar:

<http://sci.esa.int/education/35013-cut-out-build/>

<http://esamultimedia.esa.int/docs/rosetta/RosettaModel.pdf>

- **Pósters:**

http://www.esa.int/About_Us/Exhibitions/ExoMars_highlights

[http://www.esa.int/About_Us/Exhibitions/Rosetta_rendezvous_with_a_comet/\(ipp\)/9/\(start\)/0](http://www.esa.int/About_Us/Exhibitions/Rosetta_rendezvous_with_a_comet/(ipp)/9/(start)/0)

http://www.esa.int/About_Us/Exhibitions/Launching_LISA_Pathfinder

<http://sci.esa.int/gaia/56431-gaia-mission-poster/>

<http://sci.esa.int/solar-orbiter/55749-solar-orbiter-mission-poster/>

http://www.esa.int/Our_Activities/Space_Science/Poster

http://www.esa.int/About_Us/Exhibitions/ESA_posters4

<http://sci.esa.int/multimedia-gallery/30913-multimedia-archive/?>

[fareaid=63&farchive_objectid=30912&t=839&topic_operand=Match+Any++](http://sci.esa.int/multimedia-gallery/30913-multimedia-archive/?fareaid=63&farchive_objectid=30912&t=839&topic_operand=Match+Any++)

[\(OR\)&farchive_objectypeid=18&go=Submit+search](http://sci.esa.int/multimedia-gallery/30913-multimedia-archive/?(OR)&farchive_objectypeid=18&go=Submit+search)

[http://www.esa.int/About_Us/Welcome_to_ESA/ESA_history/European_manned_spaceflight_patches/\(ipp\)/9/\(start\)/0](http://www.esa.int/About_Us/Welcome_to_ESA/ESA_history/European_manned_spaceflight_patches/(ipp)/9/(start)/0)

<http://esamultimedia.esa.int/docs/corporate/posterpatch.pdf>

http://www.esa.int/About_Us/Exhibitions/The_Columbus_Mission

7-IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA.

Toda a comunidade educativa facilitou o desenvolvemento do noso Proxecto: facilitando recursos materiais, colaborando na presentación do proxecto, aportando ideas, motivando ao alumnado, elaborando traballos na casa, buscando información na Biblioteca escolar, acudindo ás reunións informativas e/ou de coordinación, visitando o “stand” de presentación do noso proxecto,...

Para a festa do entroido, contamos coa colaboración das familias para deseñar e fabricar os **disfraces da comparsa de “Star Wars”**.

A nai dunha alumna deunos unha clase maxistral sobre como elaborar deliciosas **galletas espaciais**. Con ela medimos, pesamos, cortamos, calculamos, decoramos,... seguindo as instrucións dunha receita de galletas que xa nunca esqueceremos.

Así mesmo, varios pais e nais desprazáronse ata Santiago de Compostela para facer quendas e supervisar ao alumnado da clase durante a presentación do Proxecto na **Feira de Proxectos** da Cidade da Cultura.

8-DIFUSIÓN DOS TRABALLOS ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA.

Os medios de comunicación locais (radio, prensa e redes sociais) fixéronse eco da presentación do noso proxecto.

Elaboramos carteis para facer publicidade da nosa exposición e foi o Concello de O Barco o que nos facilitou a fabricación e distribución dos mesmos.

Os centros educativos da nosa localidade foron convidados á nosa exposición na Casa da Cultura, onde o alumnado os recibiu para explicar o Proxecto “Explorando a galaxia 3B-Nus”.

Así mesmo, as exposicións orais dos traballos foron gravadas en vídeo e publicadas no blog de aula e no da Biblioteca escolar.

9-AVALIACIÓN REALIZADA EN RELACIÓN COS CRITERIOS DE AVALIACIÓN E AS COMPETENCIAS CLAVES DO CURRÍCULO. PROCEDIMENTOS EMPREGADOS.

VALORACIÓN DAS APRENDIZAXES

Estándares de aprendizaxe	Instrumentos de avaliación	Ponderación	CC
EPB2.1.3	Rúbrica	40%	CCEC CAA
EPB2.2.1	Rúbrica	30%	CCEC CSC
EPB2.4.2.	Rúbrica	30%	CCEC CD
CSB2.1.1.	Lista de cotexo	25%	CMCCT CD
CSB2.2.1.	Proba escrita	25%	CMCCT CCL
CSB2.2.2	Rexistro anecdótico	25%	CMCCT CCL
CSB2.2.3.	Lista de cotexo para avaliar o produto final	25%	CMCCT CCL
CNB1.1.1.	Rutina de pensamento: Compara e contrasta	30%	CAA CCL CMCCT CSIEE CD
CNB1.1.2.	Rexistro anecdótico: traballo cooperativo dentro do grupo e traballo individual.	70%	CAA CMCCT CSIEE
LCB1.2.2.	Escala de estimación	30%	CCL
LCB1.3.1.	Escala de estimación	30%	CCL CD CAA CSC CSIEE
LCB1.5.4.	Análise de produtos	10%	CCL CAA CSIEE
LCB1.6.1.	Lista de control	10%	CCL CD CAA
LCB1.8.2.	Proba oral	10%	CCL CAA CSIEE
LCB2.5.1.	Observación directa	10%	CCL CD CAA
LGB1.3.2.	Lista de cotexo	10%	CCL CAA
LGB1.3.3.	Escala de estimación	10%	CCL CSIEE CAA
LGB1.3.4.	Anecdótico	10%	CCL CSIEE CAA CCL
LGB1.4.1.	Observación directa	10%	CCL CSIEE CAA CCL
LGB1.6.2.	Proba oral	20%	CCL
LGB1.8.1.	Observación directa	20%	CCL CAA CSIEE
LGB2.3.2.	Proba escrita	20%	CCL CAA
Mtb1.1.1.	Observación directa	30%	CCL CMCT CAA
Mtb1.1.2.	Análise de tarefas	30%	CMCT CAA CSIEE
Mtb2.3.2.	Proba escrita	20%	CMCT CAA
Mtb2.4.1.	Escala de estimación	20%	CMCT CAA
PLEB1.1.	Watching a listening the video	10%	CCL
PLEB1.2.	All the activities in the session	10%	CCL
PLEB2.1.	Activities 1	15%	CCL CSC
PLEB2.3.	Watching, listening, reading and singing the song	20%	CCL
PLEB2.4.	Activity 3	15%	CCL
PLEB4.1.	Activity 2	20%	CCL
PLEB4.2.	All the activities in the session	10%	CCL

ESQUEMA DAS ACTIVIDADES REALIZADAS



10- FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR EN TODO O PROCESO

O papel da Biblioteca no desenvolvemento de todo o proceso de investigación levado adiante dentro deste proxecto é moi relevante, pero imos salientar os seguintes puntos:

- Achega de recursos bibliográficos como fondo documental para a investigación
- Titorial de citas bibliográficas para os lapbooks do proxecto
- Gravación de vídeos de exposicións de traballos e contos
- Deseño e impresión 3D dos foguetes empregados nos experimentos
- Realización do Timelapse

Explorando a Galaxia 3b-Nus

- Empréstamo dos Escornabots e axuda na realización do patróns dos mesmos
- Asesoramento na realización do xogo de Pasapalabra
- Realización do Jcllic “Observando o Ceo” e o Prezi
- Uso do currunchos maker para realizar
- Achega de materiais inclusivos para o alumnado con neae participante no proxecto
- Deseño da [Web na que se resume de todo o proceso de investigación](#) e na que se poden consultar todos os documentos elaborados durante todo o proceso.

Pero o máis destacado é a práctica na realización de PDIs do centro promovidos dende a biblioteca escolar (Celtas e Romanos en Valdeorras, a Convivencia, A natureza en Valdeorras...) realizados en cursos anteriores e que nos puxeron na liña de traballo que podemos desenvolver neste curso a nivel de aula.

A Biblioteca desperta os nosos anxeos de aprender, dáanos os medios para acadar o coñecemento e dan soporte ás nosas esixencias técnicas, achegando recursos para todos e todas independentemente das nosas características persoais e cun carácter claramente inclusivo e solidario, facendo do proceso da aprendizaxe unha experiencia motivadora, creativa, solidaria e cooperativa.